



Audioguía de Patrimonio relixioso e espiritual

A máis de 900 metros de altitude, na Serra do Candán, nunha paisaxe que garda un silencio roto pola historia e acompañado polo vento, agardan por nós os restos do antigo mosteiro de Aciveiro no monte de San Bieito, testemuña durante anos da numerosa peregrinación que cada 11 de xullo se encomendaba a este santo milagreiro. A honra a San Benito aínda pervive en Pardesoa, onde centos de exvotos e íntimas promesas se ofrendan cada ano na igrexa parroquial do século XVII.

A orixe de Aciveiro remóntase ao ano 1135, sendo exemplo senlleiro do románico cisterciense na provincia de Pontevedra onde a austeridade exterior, propia da orde do Císter, contrasta de xeito sorprendente coa riqueza decorativa dos capiteis interiores e a singularidade do falso triforio.

A fundación de Aciveiro foi un proceso estratéxico de colonización e control territorial. A comunidade monástica chegou a controlar extensos bosques e pastos, alvarizas e neveiras das que falamos na audioguía da etnografía. Un recurso clave para entender o románico galego, conectando a espiritualidade cisterciense coa arquitectura e o traballo dos canteiros de Terra de Montes.

Da pedra sobria de Aciveiro pasamos ao fervor popular do Santuario da Saleta en Silleda. Este é un centro de fe viva que ten o seu momento álxido coa gran romaría cada 19 de setembro, congregando a numerosas persoas devotas e visitantes en busca de consolo e protección.

O Santuario da Saleta, xunto co de Nosa Señora do Corpiño en Lalín, forma un eixe espiritual no Deza, demostrando a profunda conexión histórica entre o territorio e as súas tradicións relixiosas máis arraigadas. “O Corpiño” é coñecido pola súa historia de aparicións marianas e pola súa asociación coa curación e os exorcismos. É un espazo secular de devoción, fe e misterio que segue vivo nesta comarca na que tamén podemos visitar a Capela medieval de Hoivás de Piloño e devota da Ascensión, obxecto de ofrendas para as mulleres, os nenos e as colleitas que se acompañan das propiedades curativas da fonte milagreira situada nas inmediacións.



Nas terras de Tabeirós, o santuario de Nosa Señora da Grela, situado na aldea do mesmo nome, congrega cada mes de setembro a romeiros no Alto da Cruz onde a mariñeira Virxe da Guadalupe se atopa cos santos da igrexa parroquial de San Xurxo de Codeseda para realizar un ritual de devoción e tradición ancestral. Moi preto, Santiago de Tabeirós, é unha mostra salientable do románico tardío, cunha relevancia histórica que transcende o puramente relixioso. Sabías que esta parroquia deulle o seu nome á comarca histórica de Tabeirós? Durante a Idade Media, Tabeirós foi un dos condados medievais máis importantes de Galicia, e a súa situación elevada permítenos gozar dunha panorámica que axuda a comprender o seu papel central no territorio como enclave xeoestratéxico na histórica organización e a identidade desta terra.

A espiritualidade forma parte da identidade da comarca e por iso atoparás cruceiros que marcan encrucilladas de camiños e que protexen aos viaxeiros e espantan os malos espíritos; capelas e ermidas construídas polo fervor veciñal e a devoción aos santos locais; petos de ánimas ou esmoleiros polas almas do Purgatorio, lembrando o vínculo constante entre a vida e a morte na tradición galega; ou rituais e remedios para curar os problemas do corpo e o espírito.